

ÍNDICE.

Proxecto Lector e plan de uso da Biblioteca.

1 – RESUMO DA VIDA DO CENTRO

- 1.1- O contorno físico**
- 1.2- Titularidade**
- 1.3- Niveis educativos**
- 1.4- Edifícios e espazos**
- 1.5- O profesorado**
- 1.6- O alumnado**
- 1.7- O horario**
- 1.8- O entorno social e cultural**
- 1.9- A apertura do centro ó entorno**
 - As ANPAS**
 - As familias**
 - Outras entidades**
- 1.10- Con que recursos conta o centro**
- 1.11- Recursos que achega o entorno**
- 1.12- Actividades e proxectos que se desenvolven no centro**

2 – O PLAN LECTOR

- 2.1- Introducción (o noso Plan lector)**
- 2.2- Xustificación (por que un plan de lectura?)**
- 2.3- Eixes do Plan lector**
- 2.4 –Accións no currículo**
- 2.5- Enfoques didácticos e organización escolar**
- 2.6- Obxectivos xerais**
- 2.7- Obxectivos específicos en canto ó alumnado**
 - Educación Infantil**
 - Primeiro ciclo**
 - Segundo ciclo**
 - Terceiro ciclo**
- 2.8- Obxectivos específicos en canto ó profesorado**
- 2.9- Obxectivos específicos en canto ás familias**
- 2.10- Obxectivos específicos en canto á comunidade**

2.11- Recursos

2.12- Metodoloxía

2.13- Principios que deben servir de guía na metodoloxía

2.14- A avaliación do Plan

3- ORGANIZACIÓN ACTUAL DA BIBLIOTECA E FOMENTO DA LECTURA

3.1- Localización e dimensión

3.2- Organización

Etiquetas distintivas

Librarías

3.3- Xestión

As listaxes

O protocolo de actuación dos fondos

3.4- Fondos actuais

3.5- Uso da biblioteca (A hora de ler)

3.6- As bibliotecas de aula

3.7- As actividades relacionadas co fomento da lectura

Curso 07-08

Curso 08-09

3.8- A lectura na casa

3.9- A lectura coa familia

4- PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

4.1- Obxectivos específicos

4.2- Tipo de organización e funcionamento

4.3- Membros do equipo e funcións

4.4- Actuacións por trimestres

Xestión técnica e organización

Dinamización

Educación para o acceso á información

Proxecto Lector do Centro

4.5- Apoio ó estudo ou outras actividades dende a Biblioteca para a compensación das desigualdades sociais

4.6- Horario

4.7- Criterios e procedementos de actuación

1- RESUMO DA VIDA DO CENTRO

1.1- O contorno físico

Situado na Parroquia de Sanguñeda, no Concello de Mos, próximo á autovía Vigo – Ourense (A 55) e entre un grande nó de comunicación que enlaza a citada autovía coa de Tui, con numerosas estradas entre si, e a rede de ferrocarril.

A zona pódese clasificar como semi-rural, xa que o Concello non posúe núcleo urbán, e os barrios están moi diseminados. A súa proximidade a O Porriño fai que os habitantes da nosa parroquia utilicen esta poboación como referente urbano, realizando nel as súas compras utilizando as súas ofertas de lecer e os seus recursos profesionais (gabinetes psicolóxicos, academias, ópticas...)

Habería que subliñar a mellora que experimentou o seu entorno ultimamente coa construción dun pequeno parque que costeou o concello e que linda co colexio.

1.2-Titularidade

Trátase dun centro público de Educación Infantil e Primaria que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que ten a súa correspondencia co Instituto de Secundaria de Mos.

1.3-Niveis educativos

Conta con tres niveis de Educación Infantil e cos tres ciclos de Educación Primaria, existindo asemade unha unidade de Educación Especial.

1.4- Edificios e espazos

O edificio consta de dúas plantas que acollen:

- Tres aulas de Educación Infantil (para os tres niveis: 3, 4, e 5 anos).
- Seis de Primaria.
- Aula de Educación Especial.
- Aula de Pedagogía Terapéutica que tamén serve de despacho de Orientación.
- Aula de Biblioteca- Videoteca .
- Aula de Actividades de Música e Idioma Estranxeiro
- Comedor escolar (que está separado da anterior aula por portas corredeiras para facilitar a conversión de estes dous espazos en salón de actos)
- Aula de Informática.
- Sala de Radio escolar.
- Sala de mestres.
- Sala da ANPA.
- Espazo para a administración e dirección.
- Baños do profesorado e do alumnado interiores
- Cuartos de limpeza e material
- Baños alumnado exteriores
- Sala de caldeiras.

No medio do patio érguese o Pavillón Polideportivo, e existen espazos preparados para a práctica de diversas actividades medioambientais (xardín, horta, invernadoiro, charca, pequeno bosque,...)

1.5 - Profesorado

O claustro de profesores o forman 14 profesores e profesoras dos cales 11 teñen destino definitivo no centro e 3 son propietarios/as provisionais ou interinos.

Conta ademais cunha orientadora e un especialista en A.L. que asisten dous días á semana , xa que teñen o seu centro base noutro colexio.

Cada profesor/a está adscrito á especialidade pola que obtiveron praza no concurso de traslados.

Cada ano académico faise a adscrición por niveis no último claustro do curso, tendo en conta en primeiro lugar a continuidade de ciclo , e para os/as

mestres/as que rematan ciclo tense en conta a ORDE DE ROTACIÓN ESTABLECIDA DE MUTUO ACORDO, para evitar a continuidade co alumnado máis de dous cursos.

En E.I. Tamén se respectará a continuidade de ciclo.

Está composto por 15 profesores/as adscritos do seguinte xeito:

- 3 titores/as de E.I.
- 1 apoio a E.I.
- 5 titores/as de Primaria

5 especialistas:

- Idioma Estranxeiro
- Educación Física
- Pedagogía Terapéutica
- Relixión
- Música

2 profesores/as compartidos:

- Orientadora
- Audición e Linguaxe

En canto ó persoal laboral:

- Coidadora a tempo parcial
- Limpadoras (dependentes do Concello)
- Coidadora do comedor (dependente da empresa do catering)
- Encargado do mantemento (dependente do concello)

Trátase dun equipo coherente, responsable e traballador , no que as estruturas xerárquicas están suplidas por unha grande capacidade de cooperación e colaboración entre os seus membros, e onde non existen conflitos de ningún tipo, desenvolvéndose o traballo a cotío con ilusión , optimismo e alegría nun clima de amizade.

1.6- Alumnado

Actualmente encóntranse matriculados neste centro 130 alumnos/as, dos cales: 45 se distribúen en tres aulas de E.I. , o resto ocupa os distintos cursos de Primaria, sendo estes dun mínimo de 11 alumnos/as e dun máximo de 20.

Os cursos máis números son os dos/as nenos/as de menor idade xa que o centro vai aumentando ano a ano a súa matrícula debido en parte ó moito que se construíu ultimamente no concello limítrofe (O Porriño) onde os centros educativos comezan a estar saturados.

1.7- O Horario

Organízase a actividade lectiva en xornada continuada de 9,15 a 14,15 h., sendo o servizo de comedor de 14,15 a 16,15 h, e continúaase inmediatamente coas actividades extraescolares (ofertadas pola ANPA do centro) , de luns a venres ata as 18,15.

No horario da maná a tarefa educativa desenvólvese dividida en 5 sesións cun recreo de 30 min no que funciona a "Radio Escolar Sanguiñeda", e outro recreo de 15 min máis para o alumnado de E.I.

1.8- O entorno social e cultural

No referente ó nivel cultural, este poderíase clasificar de medio-baixo. A maioría dos seus habitantes traballan como persoal non cualificado nas numerosas industrias establecidas nos Polígonos Industriais de zonas limítrofes, sobre todo en O Porriño.

Case que o 75% das nais traballan na casa, aínda que cada vez son máis as que teñen algún traballo remunerado, apreciándose este incremento maioritariamente entre as nais do alumnado de E.I.

Hai na parroquia inquietudes culturais que van pouco a pouco espraíándose pola zona gracias a entidades coma a Asociación de Mulleres Rurais de Mos, o grupo Leducia de baile, ou a asociación para impulsar o ciclismo, recentemente creada

por Óscar Pereiro, etc. Pero a biblioteca, o centro cultural, o concello, están demasiado illados e teñen difícil acceso para os veciños .

1.9-A apertura do centro ó contorno

A resposta das familias para colaborar en actividades pedagóxicas puntuais sempre foi positiva. (Avós e avoas contaron historias, pais e nais fixeron obradoiros , os nenos e nenas visitaron granxas e panaderías, etc...)

En canto á participación nas actividades que o Equipo de Actividades Complementarias programa expresamente para elas , poderemos dicir que é moi satisfactoria (Concursos gastronómicos, exposición de cabazas, adornos de Nadal, etc.).

Deixa moito que desexar nembargantes a asistencia a outro tipo de actividades: conferencias, charlas, xa que , aínda que son recoñecidas como interesantes no momento da oferta, e publicitadas convenientemente polo centro, non teñen a resposta axeitada.

▪ A ANPA do centro.

Participa dun xeito activo en colaboración cos mestres e mestras nas festas: Magosto, Nadal, Entroido...

Programa a festa de fin de curso.

Xunto coa dirección do centro , organiza e administra o servizo de comedor en réxime de catering e xestiona bolsas e axudas para que as familias poidan beneficiarse de descontos considerables.

Xestiona un sistema de cotas para a merca do material escolar funxible.

Subvenciona saídas escolares.

Organiza e supervisa as actividades extraescolares.

Contribúe na compra de material informático, audiovisual, bibliográfico, ou calquera outro que lle sexa solicitado polo centro e entre dentro das súas posibilidades.

Pódese dicir en termos xerais que a súa colaboración é inestimable e que sempre están a disposición do colexio traballando co profesorado en total sintonía.

- **As familias.**

As familias implícanse fundamentalmente nas actividades expresamente programadas para elas polo Equipo de actividades complementarias , nas festas que se celebran no centro (Samaín, Nadal, Entroido.....)

- **Outras entidades.**

O centro colabora asiduamente co:

- Concello (Servizos Sociais, Concellaría de Educación, Medio-ambiente, Radio Mos, etc.)
- IES de Mos ó que este centro está adscrito, principalmente no referente ó paso de etapa Educativa.
- Consellería de Cultura e Deporte, participando no programa “Deporte na Escola”
- Asociación das Mulleres Rurais de Mos.
- Asociación Síndrome de Dwon.
- Ademais de Sanidade, o CEFORE.....

1.10- Con que recursos conta o centro.

- Comedor escolar – Funciona dende hai catro anos dende que remata o horario lectivo (ás 14,15h.) ata que comezan as actividades extraescolares.
- A Radio Escolar – Funciona en todos os recreos con emisións programadas polo dinamizador ou con programas preparados polos titores/as.
- Transporte escolar - Existen dúas rutas, que percorren a parroquia, sendo utilizado por uns 30 nenos/as aproximadamente.
- A biblioteca escolar- Aberta no horario de actividades extraescolares tamén para os/as ex-alumnos/as.
- A aula de Informática - Aberta no horario de actividades extraescolares tamén para os/as ex-alumnos/as.
- Parque Infantil – Dentro do patio do colexio.
- Pavillón Deportivo- Dentro do patio do colexio
- Horta, Charca e Invernadoiro – Espazos onde se aplican programas Medioambientais de distinta índole .

1.11- Que recursos achega ó contorno

O máis grande servizo que fixo o Concello ó centro ,foi contratar unha persoa fixa (ou alomenos regular) para facer as tarefas de mantemento , grazas a isto pódese dicir que tanto o edificio como o exterior, presente hoxe un agradable aspecto.

Recentemente construíu un parque infantil practicamente nas portas do colexio.

1.12- Actividades e proxectos que se desenvolven no centro

EQUIPO ou coordinador/a	ACTIVIDADE OU PROXECTO
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Revista do centro (XEADA) Caderniños específicos de eventos. Xogos Florais (Conmemoración día Libro) "O/A galego/a do mes" Correo escolar
TIC	Actualización e mellora da páxina web Actividades TIC relacionadas cos eventos do centro para ó alumnado Cursos de formación para o profesorado e familias Caderniños de información de TIC para as familias Realización dun CD polos alumnos/as de 6º , que contén o seu paso polo centro
CONVIVENCIA E OBSERVATORIO	Realización do proxecto "AMODIÑO" para a mellora das entradas e saídas no centro. Reciclaxe de materiais Saída familiar do Plan Valora " A paisaxe como medio integrador familiar e fonte de lecer"
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Celebración de festas tradicionais: Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas SAÍDAS EDUCATIVAS (dúas ou tres por trimestre)
BIBLIOTECA	Proxecto de animación á lectura Visita á bibliotecas e librarías Plan PRENSA NA ESCOLA en colaboración coa Voz de Galicia Préstamo de libros semanal ó alumnado Outras que se detallan ó longo deste proxecto
RADIO	Emisión dun programa diario no tempo de recreo Programas específicos de curso (1 por trimestre) Gravación de cuñas publicitarias do concello de Mos Programas específicos sobre festas tradicionais
ED. FÍSICA	Participación no proxecto "DEPORTE NA ESCOLA" Marcha de sendeirismo.
INGLÉS	Anticipación desta lingua nos cursos de Ed. Infantil

(Actividades detalladas na nosa páxina web)

2 – O PLAN LECTOR

2.1 - Introducción - O noso plan lector


- Definimos o noso Plan Lector , como un conxunto de estratexias para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado ,
- determinadas nun documento onde se articulan todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas,
- coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos,
- incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para levalo ó seu fin.

2.2 –Xustificación - Por que un plan de lectura?

- Porque a lectura foi considerada dende sempre un instrumento clave de acceso ó progreso social, cultural e económico. Neste senso, a COMPETENCIA LECTORA considérase indispensable para a IGUALDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL.
- Porque na sociedade actual cobra maior dimensión, relevancia e valor o incorporarse o texto escrito a outros usos, medios e recursos, ó través dos medios de comunicación de masas e das novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Porque o proceso de aprendizaxe das habilidades lectoras e escritoras intégrase en tódalas áreas e require a contribución dun contexto familiar e sociocultural axeitado, máis alá do que procuran as institucións educativas.

- Porque contribúe á sistematización; integración e coherencia das prácticas docentes, que en relación con estes aprendizaxes , desenvólvese nos centros educativos.

2.3- Eixes do plan lector



2.4- Accións no Currículo

- Revisión dos documentos institucionais do centro, de xeito que garanten a integración e coherencia das diferentes medidas que se adopten no mesmo, a partir do desenvolvemento lexislativo da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Incidir nos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e orientacións didácticas que deben ser potenciadas en cada unha das áreas e materias para contribuír ó desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- Revisión de criterios relacionados coas estratexias axeitadas para o desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- Revisión dos materiais e recursos utilizados para o desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector, na procura dunha diversificación dos mesmos e tendo en conta as posibilidades que na actualidade ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Dedicación dun tempo específico á lectura na práctica docente de tódalas áreas e materias.
- Realización de avaliacións diagnósticas que permitan ver o grao de desenvolvemento das competencias básicas implicadas no Plan Lector.

2.5- Enfoques didácticos e organización escolar


- Acordo entre o profesorado do centro sobre os instrumentos e recursos que se estimen necesarios para a adopción de decisións e actuacións colexiadas relativas ó ensino e aprendizaxe da lectura.
- Revisión da Programación Xeral Anual e das programacións didácticas das distintas etapas, ciclos, e áreas e materias, potenciando a incorporación, en ditas programacións, dos enfoques didácticos comunicativos e funcionais que permitan a formación de lectores competentes.
- Potenciación dunha formación permanente do profesorado axeitada ós fins que se sinalan neste plano de actuación . (Proxectos de mellora de formación, atencións puntuais dende o CFP, etc.)

2.6 - Obxectivos Xerais


• Potenciar a lectura por pracer e o desenvolvemento do hábito lector e a conservación e evolución despois da idade escolar.
• Fomentar en tódolos membros da comunidade educativa o valor e o aprecio da biblioteca como lugar de formación e de encontro, onde se desenvolve un lecer responsable.
• Propiciar no alumnado a adquisición dunha competencia lectora suficiente para realizar as tarefas escolares e cubrir as necesidades da súa relación co contorno dun xeito autónomo e productivo.
• Programar actividades de animación á lectura, utilizando diferentes textos e soportes.
• Potenciar o uso da biblioteca coa adquisición de materiais novos e a difusión dos existentes.
• Que todo o profesorado se sinta implicado no Plan Lector para contribuír dende a súa tarefa a mellorar a lectura.
• Ampliar a comprensión lectora na área lingüística e nas demais áreas curriculares
• Potenciar o uso da biblioteca xeral e a de aula.
• Contribuír o traballo cooperativo entre o persoal docente , as familias e os diferentes organismos existentes no Concello .

2.7 – Obxectivos específicos en canto o alumnado


EDUCACIÓN INFANTIL




PRIMEIRO CICLO



SEGUNDO CICLO



TERCEIRO CICLO



2.8 – Obxectivos específicos en canto ó profesorado

- Crear un espazo que fomente unha actitude positiva cara á lectura.
- Participar nas tarefas da biblioteca como colaborador/a e dinamizador/a.
- Incorporar ás áreas curriculares contidos e actividades para desenvolver a comprensión lectora.
- Potenciar un novo estilo docente ofrecendo recursos alternativos ó libro de texto e ampliando as canles de acceso á información e o coñecemento.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
- Fomentar o hábito da lectura a cotío e a afección á lectura como un ben cultural en si mesmo e no tempo de lecer.
- Procurar fórmulas atractivas e motivadoras.
- Diseñar actividades lectoras axeitadas a cada materia.
- Propoñer actividades de animación.
- Diseñar estratexias comúns para o apoio ó alumnado con dificultades.
 - Esmiuzar textos.
 - Analizar vocabulario
 - Realizar glosarios...

2.9 – Obxectivos específicos en canto ás familias

Implicarlas no proceso da competencia lectora, facendo que lean cos nenos/as na casa

Facilitarlles listaxes e recomendacións de lecturas para eles e para os/as seus/súas fillos/as

Colaborar no funcionamento da biblioteca

Favorecer que as familias se convertan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos/das nenos/as no tempo de lecer

Fomentar o uso e aprecio das familias da biblioteca como centro de divulgación e formación

Participar nas actividades que lles propoña o centro

2.10 – Obxectivos específicos en canto á comunidade

- Colaborar nas actividades das bibliotecas públicas e do concello.
- Participar activamente en concursos e exposicións.
- Visitar librarías.
- Difundir actividades en asociacións.

2.11 – Recursos

Humanos	Materiais	Materiais
▪ Titores/as • Coordinadora Xeral ▪ Coordinadores/as de ciclos • Todos aqueles/as relacionados cos ofertados polas administracións: Plans de Fomento, Animadores/as á lectura, contacontos ... • Monitores/as das bibliotecas Municipais... • Pais e nais , avós e avoas • Persoal dos CFP	• Recursos propios da biblioteca Municipal, xeral e da aula • Materiais audiovisuais ▪ Material propios das TIC (PCs, proxectores, impresoras, rede de internet, na biblioteca e nas aulas) ▪ Láminas ilustrativas, marionetas, monicreques e outros materiais adaptados a E.I. ▪ Soportes textuais ordinarios:prensa, receitas, carteis, folletos ... ▪ Material funxible para a realización de actividades.	• Lotes de libros iguais para a práctica da lectura colectiva na aula • Libros de texto e outros materias curriculares das distintas áreas • Visitas ós Museos • PÁXINA WEB DO COLEXIO • Revistas • RADIO ESCOLAR DO CENTRO • REVISTA ESCOLAR DO CENTRO • PRENSA ESCRITA

2.12 - Metodoloxía

- Metodoloxía activa
- Aprendizaxe por descubrimento
- Utilizando diferentes tipos de texto
- Traballo colexiado entre o profesorado
- Traballo cooperativo
- Diversificación de recursos
- Implicación de tódolos sectores da comunidade
- Alumnado protagonista na xestión e uso da biblioteca

2.13- Principios que deben servir de guía na Metodoloxía

- Partir do desenvolvemento cognitivo do/a neno/a e das súas aprendizaxes previas á hora de organizar as actividades.
- Calquera texto pode servir ós nosos intereses.
- Establecemento dunha negociación co alumnado á hora de elixir textos para traballar.
- Seleccionar textos relacionados co seu entorno máis inmediato: novas, reportaxes, contos, lendas...
- Seleccionar textos que garden certa conexión, tanto con aspectos tratados na clase como cos coñecementos previos do alumno/a.
- Ter en conta a dificultade dos textos.
- Implicar e interrelacionar a todos os sectores da comunidade educativa, como axentes propios na consecución de bos hábitos lectores.
- Desenvolver máis a capacidade de aprendizaxe que a retención de conceptos.
- Proporcionar os alumnos/as distintas situacións que supoñan, ó través da lectura, unha intensa actividade mental que conduza á reflexión, o pensamento e o desenvolvemento da capacidade crítica.
- Realizar un eficiente emprego da lectura como instrumento de aprendizaxe, de investigación e de recreación, que englobe tódalas áreas do currículo de Primaria.
- Utilizar as posibilidades que ofrecen os xogos como medio motivador e dinamizador do proceso.
- Usar a lectura como fonte de fomento da creatividade e a imaxinación dos/das alumnos/as.
- Conseguiar crear un ambiente idóneo, onde os/as alumnos/as se sintan a gusto e familiarizados coas actividades realizadas.

2.14 – A avaliación do Plan

- A metodoloxía empregada
- As actitudes e motivacións do profesorado, das familias e o alumnado
- A idoneidade das propostas desenvoltras, das actuacións formativas realizadas e dos materiais empregados
- A temporalización das diferentes actuacións.

(Para facer este seguimento é conveniente levar un rexistro escrito de incidencias, acertos, etc. das experiencias postas en marcha)

Unha avaliación final que sintetice, entre outros, os seguintes aspectos:

- O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora, tendo en conta as medidas tomadas, e a incidencia nos resultados académicos.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- O grao de desenvolvemento das actuacións previstas e a coherencia e relación entre estas e os eixes de actuación propostos no Plan.
- Grao de implicación dos distintos sectores.
- Participación do profesorado nas accións de formación planificadas.
- Funcionamento da biblioteca
- O grao de interrelación entre as actuacións relativas á mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no centro, e aquelas derivadas da posta en marcha de outros plans e programas que se desenvolvan no mesmo.
- O aproveitamento dos recursos do centro. Mellora dos recursos.
- O grao de implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.
- As estratexias metodolóxicas aplicadas.
- O desenvolvemento das medidas de coordinación.
- O clima lector no centro.
- As actividades de formación realizadas e a valoración das mesmas.

3 - Organización actual da biblioteca e fomento da lectura

3.1 – Localización e dimensión

A BIBLIOTECA DE CENTRO OU XERAL

Situada na primeira planta do edificio , accédese a ela despois de subir dous tramos de amplas escaleiras . Ocupa toda a parte esquerda do segundo andar, aproximadamente 150 m² , no que nun ámbito integrado aparecen en espazos diferenciados : Un vestíbulo(25m²), un lugar da biblioteca propiamente dita (62 m²-recursos impresos e de multimedia), un lugar para traballar con TIC (24 m²) , un aseo, un cuarto de material de limpeza, e unha pequena aula para multiusos.

Todo este conxunto posúe unhas dimensións aproximadas de : 15,60 x 9,40 m , ou case que 150 m².

3.2 – Organización

Tódolos fondos están debidamente informatizados, seguindo un programa de fácil manexo e para o que non se precisan coñecementos específicos , polo que é accesible a calquera que manexe adecuadamente o Microsoft Excel, e todo o sistema , moito máis comprensible para os /as nenos/as, á hora de elixir un libro ou de colocalo no seu sitio.

APARTADOS	Ed Infantil	1º ciclo	2º ciclo	3º ciclo	Poesía	Consulta
Letra distint.	E I	I	M	S	P	C
Color						

O **I** do 1º ciclo , indica que se trata dun material axeitado para lectores que se INICIAN.

O **M** do 2º ciclo, indica que se trata dun material axeitado para lectores MEDIOS.

A **S** do 3º ciclo, indica que se trata dun material axeitado para lectores SUPERIORES.

Ademais, estas letras distintivas poderán ir na compañía dun **G**, **G**, **G**, se o material está escrito en lingua galega. No que se refire ós libros de consulta:

CZ	Sección Zooloxía
CB	Sección Botánica
CG	Sección Xeoloxía
CC	Sección Ciencias/Tecn.
CS	Sección Sociais
CH	Sección Corpo Humano
CLG	Sección Lingua Galega
CLC	Sección. Lingua Castelá

As etiquetas distintivas

Deste xeito, as etiquetas que aparecen no canto dos libros presentan o seguinte aspecto:

M – 125 -G

Que corresponde ó volume 125 do 2º ciclo en Galego.

S – 345 – 3v

Que corresponde ó vol. 345 do 3º ciclo en Castelán, e que existen varios exemplares do mesmo título, sendo este o terceiro (seguramente pertence a un lote de lectura colectiva*).

P- 203

Que corresponde ó vol. 203 de Poesía. (Neste apartado non se distingue entre Castelán e Galego, o mesmo sucede en Infantil).

As librarías

Están canteadas coas mesmas cores que os apartados, deste xeito os nenos e nenas recoñecen facilmente a situación básica de calquera libro.

As que están canteadas en cor **NEGRO** e que se atopan na parte superior das librarías, están dedicadas ás **COLECCIÓNS DE LECTURA COLECTIVA NA AULA.**

CASTELÁN

GALEGO

Os libros de lectura están localizados en distinto lugar , os primeiros atópanse preto da entrada, os segundos no fondo da biblioteca á dereita e tamén ocupa un espazo propio o material audiovisual (CDs, DVDs,...).

En canto ós libros do 1º CICLO, e de E.I., a maior parte deles enchen as Bibliotecas de aula, aínda que na biblioteca xeral existe tamén un lugar para estes apartados, xa que o alumnado, ó que van dirixidos, a visitan de cando en vez.

Unha das paredes menores da estancia da biblioteca está cuberta coas librarías ocupadas polos libros para ler in situ, REVISTAS, CÓMICS,.....

3.3 – A xestión

As listaxes

Existe un archivador (caderno) no que están recompiladas, dun xeito impreso, as listaxes informáticas das existencias, en dúas modalidades:

A- POR ORDE ALFABÉTICO (Título, número, volumes)

- Educación Infantil
- Castelán 1º ciclo
- Castelán 2º ciclo
- Castelán 3º ciclo
- Galego 1º ciclo
- Galego 2º ciclo
- Galego 3º ciclo
- Poesía
- Consulta:
 - Botánica
 - Zooloxía
 - Xeoloxía
 - Sociais
 - Corpo humano
 - Ciencias
 - Lingua Castelá
 - Lingua Galega

B- POR ORDE NUMÉRICO (poden atoparse as mesmas listaxes)

Para que poidan ser consultadas polo alumnado e profesorado.

C- Fondos adquiridos nun curso determinado

Uns dos PCs é de uso exclusivo da coordinadora da biblioteca, nel atópase toda a información relativa ós fondos e ó préstamo .

O protocolo de xestión dos fondos

ALTAS	1º- Forrar con plástico adhesivo transparente
	2º- Subministrar unha etiqueta identificativa na costa
	3º- Repetir a identificación na primeira páxina
	4º- Colocar o selo da biblioteca na primeira páxina e noutra calquera
	5º- Incluír na listaxe de adquisicións no curso actual
	6º- Incluír na listaxe correspondente (consulta, ciclo, lingua, etc)
	7º- Colocar no seu sitio
BAIXAS	1º- Despegar a etiqueta de identificación
	2º- Escribir na primeira páxina ó carón da identificación "baixa curso...." e asinar pola coordinadora da biblioteca
	3º- Eliminar das listaxes correspondentes
PÉRDIDAS	1º- Tentar localizar o libro repasando os arquivos dos préstamos dos distintos cursos
	2º- Esperar dous cursos para efectuar a eliminación definitiva
	3º- Incluír na listaxe de perdas do curso correspondente

3.4 – Fondos actuais

LECTURA

GALEGO		CASTELÁN		DÚAS LINGUAS	CONSULTA	
1º ciclo	480	1º ciclo	420		Corpo Humano	36
2º ciclo	460	2º ciclo	540		Xeoloxía	40
3º ciclo	310	3º ciclo	525		Zooloxía	102
E.Infantil					Botánica	45
Poesía				125	Ciencias	101
	1250		1480		Sociais	153
					Linguas	45
						522
TOTAL					3377	

3.5- Uso da biblioteca (A hora de ler)

Tódolos días dedícanse parte das sesións de lingua á lectura, ben en galego , ben en castelán, dun xeito sistemático, utilizando o que entre o profesorado chamamos:

“coleccións de clase”- que son títulos elixidos e seleccionados (ó longo dos moitos anos que se vén empregando esta práctica) e continuamente renovados. Existen entre 15 e 20 libros dun mesmo título , e numerosos títulos en galego e castelán, clasificados segundo o sistema descrito anteriormente, é dicir, para o primeiro , segundo ou terceiro ciclo.

Os titores levan ás clases alternativamente coleccións en galego ou castelán , para realizar as sesións de :

lectura colectiva – Sempre en alto e de un en un van lendo e perfeccionando os aspectos relacionados coa comprensión, o vocabulario, a entoación, etc.

o tempo de biblioteca- O segundo e o terceiro ciclo dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión aprovéitase para levar a cabo o

servizo de préstamo - Normalmente cada semana faise cambio de libro , aínda que se pode renovar dependendo da extensión deste. Dun xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos, sempre baixo as recomendacións do titor ou titora que poderá, dende o coñecemento que este/a ten do/da alumno/a, deixar que escolla libremente ou aconsellalo, ou deixar que os seus compañeiros e compañeiras sexan os/as que lle recomenden unha lectura polo seu interese. Polo que o mestre ou mestra, establece o

diálogo sobre lecturas recomendadas- Trátase de evitar o tan custoso traballo de encher fichas, facer resumos, etc. por parte do alumnado porque dende a nosa experiencia non hai nada mellor que conseguir que eles falen do que leron , que dean a súa opinión, que se pasen os títulos de un/unha a outro/a.

O rexistro das miñas lecturas- Son os mesmos alumnos os que rexistran os datos do libro que escollen nunha ficha informatizada creada para a Biblioteca, e que levan a casa impresa ó remate de cada trimestre ou, como mínimo, ó rematar o curso

3.6- As bibliotecas de aula

Atópanse nelas :

1 – OS LIBROS DE CONSULTA que levan os/as titores/as da biblioteca de centro, para traballar nas diversas áreas do currículo, e que devolven ó seu lugar unha vez rematada a súa utilidade.

2- OS LIBROS DE LECTURA COLECTIVA ós que se lles aplica o mesmo proceso.

3 – Calquera outro material que precisen os/as titores/as ou especialistas :

- Carteis e mapas
- Material de ciencias (esqueleto, modelos científicos,....)
- Material de matemáticas (calculadoras, compases, metros,....)

EDUC. INF.	Atópase todo o material repartido nas tres aulas, encargándose as/os titoras/es de que este vaia rotando dunha a outra . O alumnado realiza visitas á biblioteca do centro ó longo da etapa, a maioría das veces para ver vídeos ou películas . No caso de E.I. de 5 , estas visitas serán menos esporádicas e xa serán sistemáticas en canto ás TIC. O préstamo realizarase na aula.
1º CICLO	Atópase todo o material repartido nas dúas aulas, encargándose os/as titores/as de que este vaia rotando dunha a outra . Acudirán á biblioteca do centro para realizar actividades multimedia e TIC e iniciárase o nivel mínimo de usuarios/as. No 2º curso iniciárase o préstamo na biblioteca xeral.
2º E 3º CICLO	Estarán na aula os libros de lectura colectiva e consulta que se estean usando .

3.7 – As actividades relacionadas co fomento da lectura

Están recollidas no NOSO PLAN ANUAL e nas nosos MEMORIAS DO PLAN ACTUAL dende que este tipo de documentos se solicitaran pola administración, sempre nun anexo dedicado á BIBLIOTECA. De tódolos xeitos inclúese neste documento a seguinte relación:

CURSO 07-08

- 1- Libros de lectura colectiva.** Xa a partires do primeiro ciclo propónse a lectura de coleccións. É unha lectura obrigatoria. Normalmente , faise unha lectura en voz alta onde se valoran e perfeccionan os aspectos relacionados coa mesma. Ó longo do curso lense diferentes coleccións, tanto en galego coma en castelán.
- 2- Préstamo.** Cada grupo de alumnos dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión pódese aproveitar para levar a cabo o servizo de préstamo da Biblioteca. Normalmente cada semana faise cambio de libro , aínda que se pode renovar dependendo da lectura. De xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos. Son os mesmos alumnos os que rexistran os datos do libro que escollen nunha ficha informatizada creada para a Biblioteca.
- 3- Proxecto animación á lectura.** Desenvolveuse o proxecto proposto pola consellería : "Mochilas viaxeiras , 2ª parte"
- 4- Revista escolar .** Realizouse unha edición dunha mini-revista monográfica sobre o Entroido en Pontevedra . O nº de exemplares editado foi de 100. Nela recóllense as particularidades do Entroido nesta cidade: disfraces, tradicións e anécdotas máis curiosas do loro Ravachol.O caderniño que se editou este ano era o terceiro dunha serie que estamos a facer sobre os Entroidos en Galicia, dentro do proxecto " O correr do Entroido". Neste caderniño tamén se recollen fotos do noso cole das diferentes comparsas.
- 5- Charla " O Entroido de Pontevedra".** O alumnado de 5º de Primaria , colaborador da revista, encargouse de recoller información que pasou a formar parte da revista, no artigo de aula, e do caderniño Xeada. Recolleron información que se aportou na charla sobre o Entroido de Pontevedra. Tamén realizaron unha entrevista a un veciño da vila de Pontevedra, para completar a información, sobre todo o relacionado co loro Ravachol. Esta entrevista foi rexistrada , escrita no caderniño e emitida na radio da escola.
- 6- Revista Escolar Xeada .**Tódolos cursos publicamos a nosa revista escolar na

que participa todo o profesorado do Centro coordinando os traballos dos alumnos. Cada aula elaborou o seu artigo. A A.N.P.A , tamén elaborou o seu artigo para a revista como adoita facer sempre. Este curso intercambiouse a revista cos demais centros da zona e incluímos nese intercambio o C.E.P Carlos Casares de Salvaterra de Miño. A revista , na actualidade , xa conta coa totalidade de números colgados na páxina web do colexio. Ademais entregouse un exemplar a cada neno xa que sempre se traballa nas clases antes de levala para as familias.

7- Prensa na escola. Con esta actividade pretendemos que os alumnos/as de 2º e 3º ciclo de Primaria utilicen o xornal como ferramenta didáctica. Contamos coa colaboración do xornal " La Voz Galicia" que nos facilita exemplares para tódolos alumnos cada mércores. Ese día faise lectura colectiva do xornal (algúns apartados e artigos), e lévanos para casa para seguir lendo e facer algún traballo relacionado coa prensa (comentario dun artigo, tradución , pé de foto, opinión persoal,...). Cada día , empregando este xornal ou entrando na páxina dixital do " Faro de Vigo " (xa que neste último aparecen máis artigos da Louriña) faise a selección de seis artigos. Lemos os artigos, tradúcense ó galego e faise un pequeno resumo. Isto será o que conforme as " Novas do día" que van ser lidas na radio escolar, emitidas en directo por radio Mos.

8- Participación no concurso da Voz de Galicia " O mellor xornalista Infantil"

9- Actividades de animación á lectura . Lectura de contos por parte do alumnado a partir do 2º ciclo os nenos de E.I 5 anos , 1º e 2º.

10-Cine na Biblioteca . Coa chegada do Nadal proxectamos as seguintes películas: para E.I e 1º de primaria, " Mickey ayuda a Santa Claus" e para o resto dos cursos " Nanny McFee". Posteriormente fanse actividades relacionadas coa película: comentarios, debuxos, expresión de ideas suxeridas do visionado,...

11-Tarxetas mensaxeiras. Cada neno/a expresa o seu desexo para o Aninovo.

12- Día do Libro. Este día levamos a cabo "Os Xogos Florais" , concurso literario

que se realiza tódolos anos. Este curso a modalidade elixida foi a de poesía e a temática "As Cores". Todos os nenos/as crean as súas poesías arredor das cores: as cores de Galicia, da primavera, das froitas,...Todo o alumnado recibe un agasallo pola súa participación pero os gañadores ademais recibiron un libro de poesía.

13-Letras galegas . Elaborouse unha U.D sobre Xosé M^a Álvarez Blázquez. Ademais levouse a cabo unha mini-web sobre este autor realizada en coordinación co TIC e unha presentación en powerpoint da vida e obra do autor feita polos alumnos de 6º de Primaria.

14- Visitas educativas. Os alumnos de E.I. visitaron a Biblioteca Pública de Vigo e os de Primaria foron a Naturnova e á Casa do Libro.

15-O primeiro ciclo **elaborou un conto** titulado **"A castaña que estoupou coa risa"**. Fixo representacións polas distintas clases , xunto cunha lectura e ademais expuxo o conto na páxina web.

16-Elaborouse unha **axenda** para o alumnado específica do noso Centro.

17-Correo escolar. Os alumnos de 2º ciclo mantiveron en tres ocasións correspondencia co C.E.P Carlos Casares de Salvaterra.

18- Elaborouse material curricular en soporte informático. Séguese a traballar na elaboración de actividades do currículo de Inglés en dúas novas U.D: "The Body" e "Numbers and colours".

19-Segundo o previsto no Plan Anual relizáronse actividades curriculares dirixidas ós distintos niveis e ciclos en soporte " javaclit", actividades relacionadas co Magosto, Entroido e Letras Galegas.

20-Concurso de adiviñas ó través da web na que ademais participan os/as alumnos/as do colexio Carlos Casares de Alxén.

21-Elaboración dun novo **CD sobre os entroidos en Galicia**, este volume dedicado ó Entroido de Pontevedra.

CURSO 2008/2009

Seguiremos as actividades fixas (servizo de préstamo, lectura de coleccións, correo escolar, Letras Galegas, revista Xeada, caderniño do Entroido, programa "A Prensa na Escola", Xogos Florais, etc) e desenvolvemos as seguintes:

21-Programa de animación á lectura: "**Un Libro sempre**". O lema elixido fai mención a que a lectura é unha necesidade básica. Sempre debemos ter un libro na mesa, un libro comezado e outro a piques de comezar. Trátase de presentar as novas adquisicións interesantes para a lectura e de expoñelas en lugares visibles.

22-Polo Samaín elaboramos o libro "**Palabras de medo**". Participaron tódolos nenos/as do colexio definindo unha palabra de medo e facendo un debuxo. O libro está exposto na Biblioteca.

23-Xogos Florais dedicados ós refráns populares.

24-Os/as alumnos/as de E.I. fixeron unha saída á Biblioteca Pública de Mos.

25-"Conto Viaxeiro". Cada aula de E.I. realizará un conto viaxeiro en colaboración coas familias. Os/as nenos/as terán que continuar a historia que comezou un compañeiro coa axuda da súa familia.

24-"Postais de Aniversario en galego". Os alumnos elaboráronas coa axuda do mestre responsable das TIC a súa tarxeta de invitación en galego.

25- Actividades para conmemorar o 23 de abril, día do libro

3.8 - A lectura na casa

Ó longo deste anos procurouse incorporar os pais/nais nas actividades de fomento da lectura a través de diversos medios: mediante charlas formativas e informativas sobre diferentes asuntos de interese xeral, mediante as lecturas na casa facilitando

libros dende a biblioteca escolar, mediante a realización de maletas e contos viaxeiros, a través da cal a familia comparte lecturas cos seus fillos/as,...Tamén difundimos as nosas actividades a través de diferentes medios (páx. web, intercambio de revistas, boletíns, etc).

Ademais mantemos contacto coa biblioteca de Mos realizando saídas dende o colexio , elaborando os carnés da B.E,...

Uns dos proxectos que se desenvolven no centro dende hai seis anos: **"A prensa na escola"**, que xa foi descrito anteriormente, ten ademais dos xa citados obxectivos, que ó alumnado leve o periódico a casa , e que comente coa súa familia algúns dos asuntos tratados na clase, que naqueles fogares onde non se adoita a ter prensa, os mesmos nenos e nenas a introduzan.

3.9 – A lectura coa familia

"Ler na infancia require compañía, voces e un pouco do tempo dos maiores"

Isto é o que nós pretendemos que entendan as familias, que sen a súa axuda o proceso lector é máis lento e máis custoso para os nenos e as nenas.

En todas as reunións con elas (xerais, de ciclo, de titoría) insistimos na importancia que ten que dediquen algo do seu tempo dun xeito sistemático a ler cos/coas seus/súas fillos/as. Nos primeiros cursos repasando con eles, despois escoitándoos.

4- Propostas para o vindeiro curso, 2009-2010

Unha vez analizadas as necesidades propias da Biblioteca do noso Centro propoñemos unha serie de prioridades de cara ó futuro :

- Seguir renovando fondos empezando por aqueles máis deteriorados polo uso.
- Tamén resulta necesario adquirir un número suficiente de exemplares dalgunhas coleccións para o traballo nas aulas de maneira colectiva .
- Cremos moi importante continuar coa adquisición de contos, coleccións, dicionarios, libros de consulta e demais materiais en lingua galega.
- Subscricións a algunhas publicacións periódicas.
- Ampliar os recursos en soportes informáticos e audiovisuais (CD, DVD, CD ROM...)
- Contar cun número suficiente de lecturas en linguas estranxeiras.
- Adquirir libros actuais e atractivos de literatura infantil e xuvenil.
- Propoñer a posibilidade de contar na Biblioteca cun par de ordenadores con conexión a rede de Internet...

4.1- Obxectivos

Para o vindeiro curso 2009/2010 propoñemos os seguintes obxectivos:

- Achegar a biblioteca ó alumnado como espazo de busca de información e tamén de fonte de lecer.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia do papel que xoga a biblioteca escolar como centro de recursos organizado no logro da calidade educativa.
- Facilitar a aprendizaxe autónoma educando no acceso á información.
- Fomentar a lectura e dinamizar actividades de comprensión lectora.
- Continuar coas relacións entre a Biblioteca escolar e a Biblioteca pública de Mos.
- Dar un papel protagonista á biblioteca do centro na elaboración e

desenvolvemento do Plan Lector.

- Manter os fondos bibliotecarios e amplialos atendendo ás necesidades e suxerencias dos diferentes ciclos.
- Colaborar co resto de Departamentos e equipos nas actividades que propoñan ó longo do curso: festas, saídas, edición da revista escolar, edición do boletín TIC...
- Integrar as tecnoloxías da comunicación e da información na busca da mesma.
- Potenciar a presenza e uso de publicacións periódicas (prensa na escola).
- Formar parte da rede de bibliotecas escolares co fin de compartir recursos, coordinar actuacións e intercambiar experiencias.
- Manter en funcionamento a páxina web como instrumento informativo, formativo e de expresión para tódolos membros da comunidade educativa.
- Facilitar o acceso igualitario ós recursos culturais.
- Constituír o equipo de apoio á biblioteca así como participar nos cursos de formación.
- Publicar Boletíns informativos da Biblioteca destinados a toda a comunidade escolar: horario e normas , acontecementos, días sinalados,

4.2- Tipo de organización e funcionamento

Queda pendente para o próximo curso a constitución do **Equipo da Biblioteca** que estará formado pola responsable da biblioteca con destino definitivo no Centro, unha profesora de Educación Infantil, unha do primeiro ciclo, outra do segundo ciclo e tamén outra pertencente ó terceiro ciclo.

Así mesmo, planearase a posibilidade de que tamén forme parte un mestre responsable das TIC, pois consideramos que a aula de Informática e a Biblioteca han de ir da man en coordinación co desenvolvemento dos proxectos e actividades escolares.

Este equipo disporá dentro do seu horario dunha hora semanal (que poderá ser ampliada a dúas) e terá por finalidade organizar as actividades deseñadas para o seu ciclo.

4.3- Membros do equipo e funcións

Coordinadora do equipo	M ^a Débora Casas Álvarez
Educación Infantil	Patricia Martiáñez Rodríguez
1º ciclo E.P	Fabián Gallié
2º ciclo E.P	Montserrat Abreu Comesaña
3º ciclo E.P	Pilar Veiga Rouco

Quedará sempre aberta a constitución deste equipo o longo do tempo a outros membros do claustro que mostren interese polo tema e queiran aportar especialmente as súas ideas e o seu traballo. Ademais ,tamén estarán representados no Equipo da Biblioteca o Departamento de Normalización Lingüística.

As funcións da coordinadora da B.E.serán :

1. Elaborar o Proxecto de Biblioteca escolar.
2. Coordinar o equipo de apoio á Biblioteca.
3. Organizar, clasificar e catalogar os fondos.
4. Difundir as actividades da biblioteca entre tódolos membros da comunidade educativa.
5. Impulsar o fomento da lectura e dinamización cultural do Centro.
6. Definir a política de préstamo.
7. Informar periodicamente ó claustro das actuacións da biblioteca e canalizar as demandas.

As funcións do equipo de apoio serán:

1. Colaborar na elaboración e desenvolvemento do proxecto bibliotecario.
2. Colaborar na revisión do Proxecto e na elaboración da Programación e memoria de cada curso escolar.
3. Recoller e canalizar as propostas do profesorado e alumnado en relación cas actividades relacionadas coa biblioteca.
4. Establecer criterios para a adquisición de novos fondos atendendo ás demandas do profesorado alumnado e necesidades do centro.
5. Facilitar información e recursos ós membros da comunidade educativa.

A primeira tarefa do Equipo da B.E ó principio de curso será a coordinación dos traballos e actividades a desenvolver ó través do Plan Lector no que todo o claustro de Profesores debe implicarse.

Constituirase una **comisión de biblioteca** dentro do Consello Escolar que tratará de garantir e xestionar a apertura en horario extraescolar, propondrá mecanismos de colaboración e coordinación coa Biblioteca Pública de Mos, promoverá actividades de dinamización en contacto con distintos sectores da comunidade, fará propostas de adquisición de fondos e equipamentos e establecerá contactos e relacións cos sectores sociais , culturais, educativos do contorno que queiran colaborar coa biblioteca escolar.

Así mesmo, a coordinadora da biblioteca tamén será membro da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A biblioteca estará presente nos documentos de Centro. Será o/a Xefe/a de Estudos o encargado de garantir que a biblioteca conte cos recursos humanos suficientes para o seu funcionamento e quen convoque as reunións da comisión .

4.4- Actuacións por trimestres

a)Xestión técnica e organización.

1º Trimestre	• Estudar os fondos existentes e facer un expurgo que elimine os documentos desfasados ou en mal estado. • Constituír o equipo da Biblioteca e o horario dos seus membros. • Repartir o traballo en diferentes áreas: control de préstamo, proceso técnico e planificación de actividades. • Ó comezo do curso escolar fixarase o horario das sesións semanais que pertencen a cada grupo-clase. • Tamén tense en conta na organización dos horarios os tempos que cada titor/a poida co seu grupo de alumnos utilizar a B.E como ferramenta e recurso de apoio ó currículo nas diferentes materias das que é responsable. • O equipo en función das suxerencias e necesidades dos distintos ciclos elaborará a primeira adquisición de fondos. • Reunirse cos titores para comunicar o horario, normas de uso e préstamo da B.E • Reorganizar o espazo da B.E. Incluír algún elemento decorativo que cree un ambiente acolledor.
2º Trimestre	• Realizar unha enquisa entre os/as mestres/as e os/as alumnos/as sobre as súas necesidades e intereses. • Seguir co Plan de Adquisición de Fondos tendo en conta as necesidades dos diferentes ciclos. • Solicitar catálogos a editoriais ou librerías da zona.
3º Trimestre	•Elaborar unha listaxe de documentos e informacións elaborados no centro educativo. Diferenciar os que son de difusión interna e os que veñen do exterior. Reflexionar sobre aqueles que deberían quedarse na B.E. • Diseñar unha guía de usuarios para a B.E cos seus datos básicos. •Aplicar instrumentos de avaliación deseñados polos membros do equipo. •Deseñarase o Proxecto da B.E. para o vindeiro curso. •Levarase a cabo a Memoria Final de curso.

b) Dinamización.

- **Formación de usuarios**

Entendemos pola formación de usuarios ó través da B.E. o medio para desenvolver habilidades de información que deben integrarse e aplicarse ó desenvolvemento dos procesos de pensamento.

Como obxectivos xerais que propoñemos para a formación de usuarios ó longo de todo o curso contemplamos:

- Coñecer e estudar as fontes de información.
- Aprender a buscar información e a atopala.
- Saber utilizar a información.
- Formación de hábitos e actitudes relativas á información.

c) Educación para o acceso á información (educación documental)

1º Trimestre	
E.I.	Xogar a identificar nos libros e carteis os obxectos e accións da vida cotiá.
1º ciclo P.	Seleccionar contos, narracións e libros de consulta sobre un tema en concreto e comparar os resultados obtidos, destacando os distintos tratamentos da información.
2º ciclo P.	Identificar os distintos soportes informativos coñecendo o libro como principal fonte de información. Clasificar os documentos obtidos na busca realizada en función do soporte (libros, vídeos, CDs, carteis,...). Introducir o concepto de Biblioteca e a súa organización ó través de murais nos que se indiquen con frases curtas os aspectos organizativos.
3ºciclo P.	Distinguir os libros de consulta do conxunto dos libros documentais.

2º Trimestre	
E.I.	Visitar a Biblioteca do colexio e diferenciala da biblioteca da aula. Manter a orde no recuncho da Biblioteca e manipular correctamente os

	libros.
1º ciclo P.	Identificar o título nas obras de ficción. Buscar libros dun mesmo autor con debuxos de distintos ilustradores e viceversa. Observar distintas coleccións de ficción e determinar se existe un criterio de colección (mesmos personaxes, único autor, tema concreto,...)
2º ciclo P.	No plano da Biblioteca coñecer a situación física dos materiais en función do sistema de clasificación. Recoñecer as mencións do autor, editor e ilustrador.
3ºciclo P.	Comparar as informacións obtidas sobre un mesmo tema nunha enciclopedia , nun libro, ó través da rede de internet,... Extraer a información que se pode obter do prólogo, a presentación ou a contraportada dun libro de ficción. Traballar a prensa na escola ó través da lectura na aula e posterior difusión na radio da escola.

3º Trimestre	
E.I.	Visita á biblioteca da zona : biblioteca Pública de Mos. Realización do carné lector. Crear nos alumnos a necesidade de consulta ó través da busca de información gráfica nos libros seleccionados a partires dun Centro de interese.
1º ciclo P.	Iniciar no hábito do préstamo dentro da biblioteca de aula. Confeccionar un calendario mural onde quede rexistrado a data de préstamo, o título do libro e o nome do alumno.
2º ciclo P.	Identificar o tema dun libro a partires dun índice. Utilizar un índice como un sistema de localización da información.
3ºciclo P.	Coñecer os pasos necesarios para dispoñer dos materiais da biblioteca para o seu uso. O xornal : seccións, artigos, título , pé de foto Buscar información sobre un tema e facer un dossier de prensa. Procura de información na rede: tradutores, buscadores, Google Earth, blogs.

d) Proxecto lector de centro. fomento da lectura

Campaña de Benvida:

No comezo do curso escolar 2009/2010, cando o alumnado e profesorado se incorpore ó centro desenvolverase unha campaña de benvida consistente na rotulación e sinalización clara e atractiva que conduza á biblioteca e que faga fincapé no lema do proxecto: LER É DIVERTIDO: ANÍMATE

1º Trimestre

- Levarase a cabo entre o alumnado o primeiro concurso para a elección dunha **mascota** que represente a nosa biblioteca. Os alumnos terán que debuxar a súa futura mascota e propoñer o nome que máis lles guste. O gañador/a levará un pequeno agasallo polo seu esforzo.
- Elaborar un mural que detalle as normas máis importantes a seguir na B.E.
- Páxina web** : ó longo de todo o curso atoparemos toda a información relevante sobre a biblioteca escolar (recomendacións de lecturas, enquisa de avaliación,...). Propóranse actividades como por exemplo a " **caza do tesouro**". Os/as nenos/as atoparán as cuestións plantexadas accedendo a determinadas páxinas web propostas polo equipo.
- Crear un blog dentro do recuncho da biblioteca que recolla opinións lectoras, recomendacións,etc.
- O libro viaxeiro**. Cada aula de E.I elaborará un libro viaxeiro en colaboración coas familias. Este ano a proposta pode ser facer entre todos un cancionero, refraneiro, ou libro de adiviñas. As familias poderán consultar os libros da biblioteca para levar a cabo esta actividade .Esta actividade debido a súa complexidade será levada a cabo ó longo de todo o curso.
- Coincidindo coa festa do **Magosto e do Samaín** levarase a cabo a exposición dos traballos realizados polas distintas aulas. Outros anos elaboráronse contos, adiviñas, gravacións de contos,...
- Exposicións de libros e outros materiais con motivo da celebración de datas concretas (Día do Libro, Letras Galegas, Día da Paz)...
- Gravación de contos en galego**. Cada aula ou ciclo gravará algún conto en galego, editaranse tódolos contos nun C.D que pasará a formar parte dos recursos do centro e quedará na B.E.

2º Trimestre

- Celebración do **día da Paz**. Lectura de contos en relación á discriminación das guerras ,discriminacións raciais , de xénero,...En E.I. e primeiro ciclo proposta de lectura do libro " O señor Guerra e a señora Paz" .Tamén se levarán a cabo murais e exposicións dos traballos realizados.
- O Equipo de Normalización Lingüística elaborará por quinto ano consecutivo o caderniño " **O correr do Entroido**" continuando coa investigación sobre o Entroido en diferentes zonas de Galicia. Tamén recóllense fotos sobre os diferentes disfraces das aulas ou niveis .Coma sempre , farase entrega dun exemplar para cada familia e exporase na entrada da Biblioteca.
- Elaboración de material para traballar o Entroido en soporte informático en colaboración co coordinador das TIC .As actividades propostas poden ser quebracabezas, emparellados, adiviñas, etc. Os nenos poderán xogar accedendo á páxina web do colexio.
- Publicación do **I Boletín de Novidades** : este boletín enviarase a tódalas familias e quedará recollido na páxina web do cole

3º Trimestre

- **Diario de vacacións.**
- **Celebración do Día do Libro.**
 - Exposición na entrada á Biblioteca de contos e libros suxerentes para o alumnado.
 - Elaboración de marcapáxinas co logo da mascota elixida o comezo do curso.
 - Proposta de lecturas e cuestións relativas ó autor que deberán resolver accedendo a determinadas páxinas ou enlaces de internet.(tipo caza de tesouro).
- Coincidindo co **Día do Libro** realizarase a **XVI edición dos "Xogos Florais"**. O curso actual dedicouse á realización de refráns. Cada alumno/a elaborou o seu

propio refrán acompañado dun debuxo. Os gañadores deste concurso , coma tódolos anos, recibiron un libro.

•**Letras Galegas:** O Departamento de Normalización Lingüística elabora a unidade didáctica dedicada ó autor . Entre as propostas de actividades que adoitan aparecer nelas están: biografías, lecturas dedicadas ó autor, adiviñas, pasatempos,... Exposición dos traballos elaborados sobre o autor ó que se dedica as Letras Galegas

•**Revista Escolar Xeada.** .Tódolos cursos publicamos a nosa revista escolar na que participa todo o profesorado do Centro coordinando os traballos dos alumnos. Os obxectivos que pretendemos coa súa elaboración son entre outros:

- Achegar ó alumnado a un medio de comunicación escrito.
- Valorar a importancia da prensa coma un medio de comunicación.
- Diferenciar apartados que aparecen nas revistas.
- Fomentar o gusto pola lectura e pola composición escrita.
- Contribuír á divulgación de diversos aspectos da cultura galega.
- Achegarase ó contorno do colexio, ós familias e ó resto da comunidade educativa.
- Valorar a importancia das novas tecnoloxías para unha mellor divulgación da revista.
- Relacionar a prensa con outros medios de comunicación (radio escolar, Internet,...).

[Podedes atopar as distintas edicións publicadas a través da nosa páxina web.](#)

e) Actividades Anuais

•**Prensa na escola.** O curso que vén os alumnos de 6º seguirán participando neste proxecto. Contamos coa colaboración do xornal " La Voz Galicia" que nos facilita exemplares para tódolos e tódalas alumnos/as cada mércores. Ese día faise lectura colectiva do xornal (algúns apartados artigos e artigos) , e lévano para casa para seguir lendo e facer algún traballo relacionado coa prensa (comentario dun artigo, tradución , pé de foto, opinión persoal,...). Cada día , empregando este xornal ou entrando na páxina dixital do " Faro de Vigo " (xa que neste último aparecen máis da Louriña) faise a selección de seis artigos.

Lemos os artigos, tradúcense ó galego e faise un pequeno resumo. Isto será o que conforme as " Novas do día" que van ser lidas na radio escolar, emitidas en directo por radio Mos.

•**Préstamo.** Como xa mencionamos con anterioridade cada grupo de alumnos dispón dunha sesión semanal dentro do horario escolar para asistir á Biblioteca. Esta sesión pódese aproveitar para levar a cabo o servizo de préstamo da Biblioteca. Normalmente cada semana faise cambio de libro , aínda que se pode renovar dependendo da lectura. De xeito alternativo, para traballar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, vanse elixindo os títulos. Son os/as mesmos/as alumnos/as os/as que rexistran os datos do libro que escollen nunha ficha informatizada creada para a Biblioteca. Posteriormente, pódese facer un comentario do libro na aula.

•**Libros de lectura colectiva.** Xa a partires do primeiro ciclo propónse a lectura de coleccións. É unha lectura obrigatoria. Normalmente , faise unha lectura en voz alta onde se valoran e perfeccionan os aspectos relacionados coa mesma. Ó longo do curso lense diferentes coleccións tanto en galego coma en castelán, por iso a importancia de contar na Biblioteca escolar cun número axeitado de exemplares.

•**Profesor Despistatus e as súas adiviñas.** Na páxina web do cole temos un recuncho dedicado ó profesor Despistatus que nos proporá mensualmente unha serie de adiviñas. As respostas correctas entrarán no sorteo dun agasallo. Pode participar toda a familia cun máximo de cinco repostas por persoa.

•**Hospital dos libros.** Proponse para o ano que vén a creación dun hospital dos libros de forma que será o alumnado o que se responsabilice de colocar nel tódolos libros que atope en mal estado e despois buscar a oportunidade, xunto cos respectivos titores, de colaborar na reparación dos mesmos.

•**Lecturas " cóntocho en galego".** Seguir coas lecturas por parte dos/das alumnos/as do 2º e 3º ciclo de contos en galego ós rapaces de E.I e 1º ciclo. Estes contos poden

ser creados por eles ou ben escollidos entre os da biblioteca do centro ou da aula.

- **Cine na Biblioteca.**

- **Saída á " Casa del Libro", " Librouro" ou a tenda especializada en cómics " Norma".**

- **Elaborar un CD que recolle o paso dos alumnos polo colexio.** Os alumnos de 6º elaboran baixo a supervisión do profesor de informática un CD que recolle o seu paso polo colexio.

4.5-Apoio ó estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais

A biblioteca é un servizo público de promoción e compensación de desigualdades nunha sociedade onde conviven moitas persoas con diferentes niveis económicos e de oportunidades. Dende o noso centro non observamos grandes desigualdades aínda que si contribuímos a compensalas de diferentes maneiras:

- **Servizo de préstamo:** a gratuidade da biblioteca permite acceder ós documentos a tódolos e tódalas alumnos/as do centro.
- Acceso a **Internet** os que non poden contratar a conexión na súa casa permitindo crear ou acceder ó seu correo electrónico, obter información da rede, etc. Neste senso , observamos con gran satisfacción que cada vez máis nenos contan con conexión a internet nas súas casas.
- **OUTROS**
 - ✓ Para o vindeiro curso o equipo da biblioteca mantén o seu compromiso de formarse no ámbito das B.E.

4.6- Horario previsto

Establécese dentro do horario escolar do segundo e terceiro ciclo de Primaria unha sesión semanal para ir á biblioteca. O alumnado baixo a atención das titoras e titores dispón deste espazo para realizar actividades de interese como, por exemplo, lecturas en galego ou en castelán, consultas varias, visionado de DVD, traballos de investigación, ...Tamén pódese aproveitar para realizar o servizo de préstamo de material.

A nosa biblioteca permanece aberta en período extraescolar tódalas tardes, agás os martes de 16´15 a 18´15.

Como proposta para o curso próximo estará a de retomar a apertura da biblioteca no período lectivo .Durante os recreos , como xa se fixo hai anos no colexio , levaranse a cabo actividades diversas como xogos, lecturas , concursos,... Isto deberá compatibilizarse co programa de radio escolar que emitimos diariamente durante os recreos.

5.7- Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación da biblioteca escolar enmárcase dentro do proceso xeral de avaliación do centro educativo, que a súa vez forma parte da **Programación Xeral Anual**. Realízase , polo tanto, o comezo de cada curso escolar, unha **avaliación inicial** que permita detectar as carencias do curso anterior, ofrecer novos recursos e deseñar novos servizos.

Trimestralmente, o equipo da B.E. fará reunións co fin de levar a cabo unha **avaliación de seguimento** para ter datos constantes do proceso co fin de realizar en cada momento os axustes necesarios.

Concluírase cunha **avaliación final** para establecer o grao de consecución dos obxectivos plantexados.

Para levar a cabo esta avaliación aplicaremos **enquisas** de avaliación dirixidas a tódolos membros da comunidade educativa. Cuestionarios para os titores, para o alumnado e para as familias .Neste senso, na páxina web do colexio ,no recuncho da

B.E. poden participar nun formulario no que aparecen as seguintes cuestións sobre as que o alumno pode deixar a súa opinión:

- 1) Gústache a Biblioteca?
- 2) ¿Cando vas a Biblioteca?
- 3) ¿Cal é o libro que máis che gusta da Biblioteca? ¿o que menos?.
- 4) Danos algunha idea para mellorar a Biblioteca.
- 5) ¿Que libro pensas que falta e deberíamos ter?.

Teremos en conta **criterios de avaliación** coma por exemplo :o número de visitas á biblioteca en horario escolar, número de préstamos realizados por niveis, incidencia nos hábitos lectores dos alumnos, adecuación dos horarios e as normas, dispoñibilidade dun o varios mestres que asuman as funcións de bibliotecario con dedicación horaria suficiente, melloras que se produzan nas infraestruturas e mobiliario da biblioteca, organización e dispoñibilidade de documentos para alumnos e profesores, nivel de formación de usuarios e capacidade dos alumnos e mestres para localizar e utilizar os documentos da B.E, ...

Elaborar un caderno de rexistro das visitas por titorías onde quede especificado a data e a finalidade da visita: lectura individual, colectiva, busca de información que permita analizar a frecuencia e a finalidade das visitas deseñadas polos titores.

A análise dos resultados debe comprobar ata que punto foron desenvolvidas as iniciativas previstas no proxecto e se teñen contribuído á consecución dos obxectivos. Débese abordar o impacto que tiveron no servizo da biblioteca e se cubren máis axeitadamente as necesidades dos usuarios. Esta avaliación será tida en conta para elaborar a memoria de final de curso

A avaliación do proxecto correrá a cargo do Claustro de Profesores, máis directamente no equipo da Biblioteca.

